



CONCRECIÓN CURRICULAR
CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1	Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	2
2	Contribución á adquisición das competencias	2
3	Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	2
4	Decisións de carácter xeral sobre metodoloxía	3
5	Materiais e recursos didácticos	6
6	Itinerarios educativos e optatividade	8
7	Actividades complementarias	9
8	Plans específicos para o alumnado con materias suspensas ou repetidor	14
9	Avaliación, promoción e titulación	17
10	Matrículas de Honra	22
11	Elaboración e avaliación das programacións didácticas	24
12	Plans e programas nos que participa o centro	25
13	Seguimento e avaliación da concreción curricular	33

1 Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Maioritariamente, o alumnado do IES Plurilingüe Rosalía de Castro provén de familias de nivel socioeconómico e cultural medio ou alto, cunhas altas expectativas académicas e persoais.

Para dar resposta a esta demanda de formación integral por parte do alumnado e as súas familias, o centro ven desenvolvendo un proxecto en torno a cinco eixes (científico, lingüístico, humanístico, artístico e deportivo) no que se involucra toda a comunidade educativa. O dito proxecto baséase no equilibrio entre Ciencias e Humanidades, con bo dominio das linguas estranxeiras, e fomenta a creación e a intelixencia artística, así como a práctica e as habilidades deportivas.

2 Contribución á adquisición das competencias

Na avaliación ordinaria dos cursos de ESO recolleranse as cualificacións das competencias adquiridas polo alumnado. Nos cursos pares, os valores determinaranse mediante o cálculo ponderado do peso de cada materia en cada competencia tendo en conta os estándares traballados no seu currículo. Este resultado será supervisado pola xunta de avaliación que determinará o grao competencial de cada alumno ou alumna.

Nos cursos impares, concretarase o grao de contribución de cada materia á adquisición de cada competencia establecida no Perfil de saída.

Esta cuestión resultará determinante en caso de dúbida no momento de determinar a promoción ou titulación do alumnado con materias suspensas.

3 Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

No IES Plurilingüe Rosalía de Castro trabállanse coordinadamente os elementos transversais a partir das conmemoracións establecidas no anexo I da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023:

- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 11 de febreiro: Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.

- 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo: Semana da Prensa.
- 1 de abril: Día das Artes Galegas
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril: Semana do Libro.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

Realizaranse tamén actividades para o recoñecemento da igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Os proxectos de innovación e as actividades complementarias como as desenvolvidas ao abeiro do Plan Proxecta (Correspondentes xuvenís ou Proxecto TERRA) tamén son un eixe de referencia para o tratamento dos distintos elementos: cambio climático, desenvolvemento sustentable, coeducación...

4 Decisións de carácter xeral sobre metodoloxía

4.1. Ensinanza presencial

Como síntese das orientacións que se recollen no conxunto das programacións en relación coas orientacións metodolóxicas realízanse as seguintes consideracións:

a) **A organización da aula.** Na maioría das aulas, a disposición do alumnado, coa excepción do taller de Tecnoloxía, os laboratorios e a clase de Educación Física, segue un modelo convencional: os pupitres en filas horizontais mirando cara os encerados dixitais e manuais. Esta disposición, que é a máis axeitada para as explicacións, axuda ao alumnado a concentrarse no docente e permite, ao mesmo tempo, unha certa interacción entre veciños. Esta organización da aula favorece a realización das avaliacións individuais escritas cuxa ponderación nas notas finais vai dun 40% a un 90% segundo as materias.

b) **A aprendizaxe cooperativa.** Nos traballos de clase, nas lecturas, nas exposicións, en actividades extraescolares e complementarias priman actividades relacionadas coa aprendizaxe en equipo. Normalmente este tipo de actividades están ponderadas nas cualificacións finais entre un 10% e un 40% dependendo das materias.

c) **A aprendizaxe baseada en proxectos.** É unha metodoloxía activa que promove a interdisciplinaria. Mediante a súa utilización, promóvese a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando así a autonomía, a autoestima, a reflexión e a responsabilidade. Algunhas das actividades complementarias e dos proxectos de centro utilizan esta metodoloxía. É o caso das investigacións

que esixe o Programa do Bacharelato Internacional, os proxectos do STEAMBach, os traballos do Clube de Ciencia e do Proxecto Rosalía IN (Innovación, investigación e Invención) e as actividades que se encadran no Programa ERASMUS+.

d) **A aprendizaxe por servizo solidario.** Podemos definila como propostas pedagóxicas nas que o alumnado realiza unha acción solidaria destinada a atender necesidades reais dunha comunidade, que se planifica de xeito integrado cos contidos curriculares de aprendizaxe. Estas prácticas de acción solidaria en contextos reais permítelle ao alumnado aprender novos coñecementos e desenvolver saberes para a vida, o traballo e a participación cidadá. Son varias as actividades solidarias que desenvolve o noso alumnado durante o curso. Ademais da Gala solidaria, organiza a recollida de alimentos, colabora con Cáritas e participa na organización da Carreira Pedestre.

e) **A aprendizaxe en contextos reais.** É o proceso de aprendizaxe que ten lugar en escenarios de traballo reais, nos que o o alumnado ten a oportunidade de contrastar a teoría e a práctica, o académico e o laboral e desa maneira desenvolver as competencias para o emprego. Esta aprendizaxe témola cando os estudantes do ciclo de turismo fan de guías co alumnado dos nosos intercambios, así como as actividades do ciclo de Animación Sociodeportiva no Día dos xogos populares cos rapaces e rapazas da ESO...

Para promover metodoloxías inclusivas, nos últimos tempos, o profesorado está a dar pasos significativos co apoio do Departamento de Orientación e do equipo directivo para incorporar ás súas clases estratexias máis variadas, como as seguintes:

- Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.
- Tutoría entre iguais.
- Tutoría guiada.
- Método de casos.
- Ludificación (*Gamificación*).
- Aula invertida ou *flipped classroom*.

4.2. Ensinanzas nun entorno virtual de aprendizaxe

Todo o alumnado ten conta para acceso á Aula Virtual de Moodle da Xunta e conta de correo @iesrosaliadecastro.org contratada polo centro. Tras o período de confinamento do ano 2020, o uso das aulas virtuais como apoio ao ensino presencial medrou exponencialmente. Con todo, débese utilizar unha soa plataforma en toda a ESO, a ser posible a que se ofrece no programa Edixgal.

Para facilitar o uso das aulas virtuais por parte do alumnado, establécense as seguintes pautas para o seu deseño:

- Estarán identificadas co nome da materia e do profesorado que a imparte.
- En cada tema, diferenciaranse con claridade os apartados de reforzo e de ampliación, para unha adecuada atención á diversidade.
- Evitarase o uso de foros non moderados nos cursos de ESO.

4.3. Tarefas extraescolares

Para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e que dispoña do tempo necesario para cultivar as súas afeccións e compaxinar o tempo de estudo co de lecer, establécense os seguintes criterios xerais para regular as actividades que se lle encomendan para realizar na casa:

- a) As tarefas que se mandan para a casa deben estar deseñadas para poder facelas de xeito independente e ser accesibles a todo o alumnado, tendo en conta o número de horas semanais da materia e o tempo necesario para a revisión e corrección na clase.
- b) Aquelas tarefas que requiran maior dedicación deberían propoñerse co **Aviso** suficiente para facilitar a organización do traballo persoal do alumnado na casa.
- c) Na ESO, na semana anterior ás sesións de avaliación procurárase minimizar os deberes para evitar acumulación de tarefas e facilitar a preparación de probas obxectivas que adoitan coincidir con estes días.
- d) No bacharelato ordinario establécese un calendario de exames para a 1ª e 2ª avaliación sen clase presencial, que se organiza en 4 días con 2 exames en cada xornada. Na semana previa a ese período, non se deben poñer exames nin mandar deberes para a casa, coa excepción das probas de comprensión oral das linguas estranxeiras e as actividades de repaso de Debuxo Técnico.
- e) No caso das materias que non están programadas no calendario, prégase ao profesorado que poña, de ser posible, os exames nos días posteriores ao período de exames. Evidentemente, esas datas débense consensuar co alumnado afectado.
- f) Prégase ao profesorado de bacharelato que non poña a data límite de entrega de traballos coincidindo coas datas dos exames.
- g) Non se enviarán tarefas durante a fin de semana a través das plataformas dixitais.

O instituto conta cunha axenda escolar dixital para optimizar a coordinación entre todos os docentes e evitar unha carga excesiva de tarefas concentradas no tempo. Esta axenda tamén é visible para as familias: <https://sites.google.com/iesrosaliadecastro.org/axendas>

4.4. Tempo de lectura

O fomento da lectura en todas as etapas educativas é un compromiso compartido por todo o profesorado, para garantir un eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Traballaranse estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e en soportes variados.
- Promoverase o uso da biblioteca escolar, como punto de encontro entre a comunidade educativa para promover o traballo colaborativo e a creatividade, baixo a coordinación da persoa que se encarga da Dinamización da Biblioteca.

- Ademais das lecturas obrigatorias propias das materias lingüísticas, fomentárase o hábito lector con iniciativas como a do Club de lectura.
- Organizaranse actividades de promoción do hábito lector como o Premio San Clemente ou os coloquios con escritoras e escritores.

5 Materiais e recursos didácticos

AULAS

Cada grupo contará cunha aula de referencia e desprazarase ás aulas específicas (Música, Plástica, Tecnoloxía, Laboratorios e Polideportivo), segundo o horario establecido pola xefatura de estudos.

Todas as aulas contan con encerado dixital e ordenador de sobremesa (de 4Gb de memoria e 2,8Ghz de procesador) e pantalla plana, agás as clases do Proxecto Edixgal que teñen ordenador portátil. Todos os ordenadores teñen instalado o sistema operativo Abalar Libre.

EDIXGAL

O centro incorporouse ao programa EDIXGAL no curso 2021-2022 (e forma parte da estratexia ABALAR desde o ano académico 2011-2012), xa que existe unha aposta decidida para implantar as TIC como ferramenta para o desenvolvemento das competencias. Por iso, todo o alumnado de 1º e 2º de ESO dispón dun ordenador persoal que debe custodiar ata o final de Etapa.

LIBROS DE TEXTO

Os materiais didácticos de cada materia serán escollidos de maneira consensuada polo departamento responsable da súa docencia. Para iso, teranse en conta os seguintes criterios:

- Maior grao de adaptación ao Decreto 86/2015 (cursos pares), 156/2022 ou 157/2022, segundo corresponda.
- Maior rigor científico sen renunciar á intelixibilidade por parte do alumnado.
- Mellor incorporación dos elementos transversais, especialmente a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

LIBROS DE TEXTO 1º ESO 2022/23

Bioloxía e Xeoloxía: Proxecto Edixgal

Edu. Plástica: Proxecto Edixgal

Matemáticas: Proxecto Edixgal

Lingua galega e literatura: Obradoiro Santillana, ISBN 978-8491-85-420-3

Inglés: *Burlington Options ESO 1 Student's Book*, ISBN 978-9925-30-894-1

Francés: *Club Parachute 1. Pack cahier d'exercices*, ISBN 978-84-9049-397-7

Relixión: Proxecto Edixgal

Proxecto Competencial: Proxecto Edixgal 1º

Alemán: *Logisch! neu Kursbuch A1*. Ed. Klett, ISBN 978-31-2605-201-6 e 978-31-2605-202-3 (exercicios)

Tecnoloxía e Dixitalización: Proxecto Edixgal

LIBROS DE TEXTO 2º ESO 2022/23

Ciencias sociais, xeografía e historia: *Geography and History World makers 2023*, Santillana-Richmond, ISBN 978-84-144-0229-0
Lingua e literatura galega: *Obradoiro* Santillana, ISBN 978-84-9972-590-1
Matemáticas: Proxecto Edixgal 2º
Tecnoloxía: Proxecto Edixgal
Física e química: *Inicia Physics & Chemistry 2ºESO*. Ed. Oxford, ISBN 978-01-9050-868-5
Inglés: *Advanced English in use 2 Student's book*, ISBN 978-9963-51-400-7
Francés: *Club Parachute 2 Pack cahier d'exercices*, ISBN 978-84-9049-400-4
Relixión: Proxecto Edixgal
Música: Proxecto Edixgal
Alemán: Utilizarase o mesmo libro e cadernos de 1º ESO
Valores éticos: Proxecto Edixgal
Programación: Proxecto Edixgal

LIBROS DE TEXTO 3º ESO 2022/23

Lingua galega e literatura: *Obradoiro* Santillana, ISBN 978-8491854210
Lingua castelá e literatura: *Geniox*. Ed. Oxford University Press, ISBN 843-51-574-4999-0
Inglés: *Burlington Options ESO 3 Student's book*, ISBN 978-9925-30-906-1
Alemán: *Logisch! neu Kursbuch A2 E*. Klett 9783-12-6052-115 e ISBN 978-31-2605-212-2 (exercicios)
Francés: *Club Parachute 3 Pack cahier d'exercices*, ISBN 978-84-9049-402-8

LIBROS DE TEXTO 4º ESO 2022/23

Física e química: Oxford University Press, ISBN 978-01-9050-254-6 Cast.
Geography and History 4. Vicens Vives, ISBN 978-84-682-9577-0
Lingua castelá e literatura: *Lengua y literatura 4*, Ed. Anaya (Trimestres), ISBN 978-84-69810637
Francés: *Club Parachute 4. Cahier d'exercices*, ISBN 978-84-9049-404-2
Lingua galega e literatura: *Obradoiro* Santillana, ISBN 978-84-9972-591-8
Inglés: *Advanced English in Use 4 Student's book*, ISBN 978-9963-51-410-6
Latín: Ed. Casals S.A. ISBN 978-84-2186-111-0
Bioloxía e Xeoloxía: Vicens Vives, ISBN 978-84-6824-2019
Alemán: Utilizarase o mesmo libro e caderno de 3º ESO 4
Economía: *Anaya Economía*, ISBN 978-84-6981-151-1

LIBROS DE TEXTO DE 1º DE BACHARELATO 2022/23

Lingua galega e literatura I: *Obradoiro* Santillana, ISBN 978-8491854234
Lingua castelá e literatura I: *Genioxpro* Editorial Oxford, ISBN 843-51-574-5062-0
Inglés I: *Burlington mindset for Bachillerato 1 Student's Book*, ISBN 978-9925-30-542-1
Francés I: *Generation Lycée 2. Livre de l'élève* Ed. Santillana, ISBN 978-84-9049-190-4 e *Cahier d'activités* Ed. Santillana, ISBN 978-84-9049-191-1
Alemán I: *Logisch! neu Kursbuch B1*. Ed. Klett, ISBN 978-31-2605-221-4 e 978-31-2605-222-1 (exercicios)

LIBROS DE TEXTO DE 2º DE BACHARELATO 2022/23

Inglés II: *Advantage for Bachillerato 2*, ISBN 978-9925-30-122-5 2º BACH

Lingua galega e literatura II: Obradoiro-Santillana, ISBN 978-84-9972-711-0

Historia de España: Ed. Bahía. Consorcio editorial, ISBN 978-84-9995-200-0

Química: Editorial Oxford. *Inicial dual*, ISBN 978-01-9050-259-1

Xeografía: *Xeografía 1*. Ed. Anaya, ISBN 978-84-6981-363-8

Francés II (texto e exercicios) *Génération Lycée 2, Livre de l'élève*, Santillana Français

Alemán II: Utilizaranse os mesmos libros que en 1º de Bach.

6 Itinerarios educativos e optatividade

6.1. Itinerarios educativos

Os itinerarios educativos establécense tendo como criterio fundamental a elaboración da oferta máis ampla e adaptada á preferencia do alumnado. En caso de que os recursos humanos non o permitan ou sexa imposible por razóns organizativas, no bacharelato priorizarase a ponderación das materias para o acceso aos distintos estudos universitarios.

Segundo acordo do Consello Escolar, en 4º de ESO, a materia de Bioloxía e Xeoloxía é obrigatoria para todo o alumnado, e, en 1º de Bacharelato, todos os estudantes da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía deben cursar Física e Química.

6.2. Horas de libre disposición

As dúas sesións lectivas de libre disposición no primeiro curso de ESO dedicaranse a incrementar a carga lectiva de Matemáticas e Lingua Castelá e Literatura, coa previsión de que no segundo curso sexan as de Matemáticas e Lingua Galega e Literatura.

6.3. Acreditación de coñecementos previos en bacharelato

Para valorar se o alumnado reúne as condicións para seguir con aproveitamento unha materia troncal de opción ou específica de 2º curso sen cursar a correspondente de 1º, o departamento didáctico responsable da docencia da dita materia convocará o alumnado a unha proba escrita antes do inicio de curso. No caso da Segunda lingua estranxeira, a proba escrita poderá complementarse cunha proba para medir as destrezas en expresión e comprensión oral.

6.4. Optatividade

Os criterios para determinar a oferta de materias optativas propostas polos Departamento son os seguintes:

- Demanda do alumnado.
- Distribución equilibrada por Departamentos.
- Recursos humanos do centro.

- Disponibilidade de espazos.
- Relación coas liñas estratéxicas do centro: internacionalización e dixitalización.
- Demanda do sector produtivo da contorna.

6.5. Exención de Segunda lingua estranxeira

A decisión da dirección do centro estará baseada nos seguintes criterios:

- Alumnado con dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materia lingüísticas.
- Análise das necesidades detectadas nos informes individuais do alumnado procedente do sexto curso de educación primaria.
- Informe da persoa titora do curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación.
- Análise por parte do profesorado do presente curso académico das avaliacións iniciais.
- Opinión das persoas proxenitoras.

O alumnado que tivo exención en 1º de ESO continuará coa exención no segundo curso.

Durante as sesións de clase da Segunda lingua estranxeira, o alumnado exento reforzará as súas competencias en expresión e comprensión oral/escrita nas linguas cooficiais baixo a supervisión da especialista en Pedagogía Terapéutica ou do profesorado que lle imparte docencia de Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura.

6.6. Impartición de materias en ámbitos

Para a atribución da docencia dos ámbitos de coñecemento da educación secundaria para persoas adultas, terase en conta o maior número de horas dispoñibles nos departamentos establecidos no anexo XIV da Orde de 20 de marzo de 2018 (DOG do 12 de abril). No caso de que o número de horas dispoñibles sexa similar, alternarase cada ano académico entre as diferentes especialidades do profesorado.

7 Actividades complementarias

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro propónse como obxectivo fundamental fomentar unha educación o máis completa posible, que permita ao seu alumnado adquirir as capacidades necesarias para a súa actividade futura e atopar a súa vocación a través da audacia. De aí a oferta variada (ESO, Bacharelato, Bacharelato Internacional, Ciclos Formativos Superiores, Formación de adultos) que teña en conta tanto a calidade do ensino coma as necesidades específicas do alumnado. O obxectivo é promover unha formación que reúna calidade, enraizamento no medio, apertura ao mundo e unha sólida formación en valores.

En coherencia con estes principios, apóstase por unhas actividades complementarias e extraescolares de alto nivel e dun amplo espectro que deben contribuír a esa formación integral. Dadas as peculiaridades do centro, o alto volume de actividades e viaxes que teñen lugar e que procuran atender a todas as necesidades da comunidade educativa, non se realizarán viaxes de ocio de fin de curso/etapa de máis dun día de duración.

Os nosos estudantes deben acadar bos resultados académicos e saír do instituto cun amplo abano de capacidades e responsabilidades: ser respectuosos con eles mesmos e cos demais, íntegros e solidarios, de mentalidade aberta, que expresarse con confianza e creatividade en diferentes linguas; con curiosidade por aprender e capacidade para interpretar e influír positivamente no mundo que lles rodea e organizados no que respecta aos hábitos de traballo. En coherencia con estes principios establécense os obxectivos das actividades complementarias e extraescolares.

7.1. Obxectivos

- Promover o cosmopolitismo do alumnado e a súa relación con outras sociedades e culturas mediante os intercambios e viaxes a outros países (Internacionalización).
- Mellorar a aprendizaxe das linguas mediante actividades de potenciación da Lingua Galega, Castelá e Linguas Estranxeiras (portugués, francés, inglés e alemán) (Internacionalización).
- Consolidar hábitos e usos racionais no emprego das TIC (Dixitalización).
- Fomentar a lectura crítica e o goce das artes: Premios San Clemente e Bento Spinoza. (Lingüístico e Humanístico).
- Practicar e valorar a investigación científica a través de diferentes actividades e proxectos: Rosalía Innova, Club de Ciencia, Bacharelato de Excelencia Steambach e o Premio Stephen Hawking (Científico e Sostibilidade).
- Potenciar o espírito de cooperación e organización en actividades lúdicas e culturais: cine, teatro, música, coreografías, traballos en equipo. (Artístico e Humanístico).
- Fomentar a participación do alumnado en actividades solidarias e de voluntariado (Banco de Alimentos, Carreira Pedestre, Médicos do Mundo, Cociña económica, Protección civil, Cruz Vermella...) (Inclusión e Humanístico).
- Desenvolver a capacidade creativa do alumnado a través da participación en Premios e Concursos (Artístico).
- Espertar o interese polo mundo científico, artístico e industrial mediante exposicións, conferencias, obradoiros e visitas (Científico).
- Potenciar o interese polo patrimonio cultural e natural mediante visitas didácticas e culturais. (Científico, Humanístico e Artístico).
- Entender o deporte como forma de vida saudable participando en actividades deportivas (Carreira Pedestre, viaxe á neve...) (Deportivo).
- Incidir nas condutas e actitudes de prevención, protección e saúde mediante programas específicos en colaboración con diferentes entidades. (Deportivo e Humanístico).

7.2 Criterios para a selección das actividades complementarias e extraescolares

Con carácter xeral, as actividades complementarias e extraescolares serán establecidas a principio de curso nas programacións didácticas dos diferentes departamentos así como na Programación de Vicedirección, en base aos obxectivos indicados. Deberán ser aprobadas polo Consello Escolar. É posible que xurdan actividades acordes aos obxectivos establecidos durante ao curso e que se valoren de interese para o alumnado, de modo que serán aprobadas polo CE extraordinariamente, de ser o caso.

- Priorizaranse aquelas actividades relacionadas, en xeral, cos obxectivos indicados e, particular, cos seguintes eixos temáticos: internacionalización, dixitalización, sostibilidade e inclusión.
- Buscarase un equilibrio entre o número de actividades que programan os distintos departamentos ao longo do curso. A memoria anual de Vicedirección incorporará un balance deste equilibrio que se regulará cada ano a través dunha proposta de mellora.
- Buscarase un equilibrio no número de actividades por etapas e niveis e esixirase un axuste dos contidos e obxectivos das mesmas a esas etapas e niveis.
- Intentarase que non coincidan o mesmo día da semana para non alterar as mesmas franxas horarias de materias.
- Procurarase un axuste temporal das mesmas á actividade académica de cada nivel, para que se dea un reparto equilibrado ao longo do curso. Así mesmo, a duración das mesmas será progresiva ao longo da etapa.
- Restricións:
 - 2BAC: non se realizarán na terceira avaliación.
 - BAC: non se realizarán nas dúas semanas previas ás semanas de exames.
 - Todos os cursos: non se realizarán actividades nas datas ocupadas nas Axendas do alumnado para non interferir na súa programación de clase.

7.3 Consideracións para o profesorado

- Cando as actividades complementarias teñan lugar no centro, será o profesorado que teña sesión co alumnado implicado o que acompañará o alumnado durante a sesión ou sesións que dure a mesma. Este profesorado estará coordinado polo profesorado organizador da actividade e por Vicedirección.
- A ratio de profesorado acompañante nas actividades complementarias e extraescolares fóra do centro é de un/unha profesor/a por cada 20 alumnos.
- En todas as viaxes e intercambios cun número de estudantes inferior a 20 irá acompañado de 2 persoas do profesorado, a ser posible un profesor e unha profesora.
- No caso de haber para unha actividade máis profesorado dispoñible que o necesario, a selección atenderá os seguintes criterios:
 1. Que o profesor ou profesora dea clase no curso implicado.
 2. Que pertenza ao Departamento que organiza a actividade.
 3. Que o profesorado acompañante sexa de diferentes sexos.
 4. Que teña experiencia previa de participación na actividade.

- De non haber profesorado voluntario, asistirá o profesorado de garda.
- O profesorado terá acceso á actualización das actividades complementarias e extraescolares planificadas mediante a Axenda de Profesorado do espazo virtual Rosalía e no taboleiro de Vicedirección.
- Toda actividade extraescolar ou complementaria será comunicada ao profesorado afectado a través do correo electrónico corporativo, así como difundida no taboleiro da sala de profesorado e na pantalla de televisión.
- O profesorado non poñerá falta de asistencia ao alumnado que participa en ditas actividades.

7.4 Consideracións para o alumnado

- Cando a actividade complementaria se desenvolva fóra do centro, será necesaria a autorización asinada polos proxenitores ou titores legais. Esta autorización estará asinada no momento da matrícula para as actividades que teñan lugar no Concello de Santiago. Para realizar este tipo de actividades complementarias será indispensable a asistencia do 70% do alumnado do/s grupo/s. Para calquera outra, será necesaria unha autorización.
- Toda actividade que deba ser sufragada economicamente:
 - O alumnado realizará o pago por transferencia bancaria á conta de actividades do centro e entregará un xustificante deste pago xunto coa autorización.
 - Se por causas xustificadas o/a alumno/a non puidese asistir e previamente tiña abonada a cantidade establecida no seu día, procederase á devolución, sempre e cando sexa posible, e non supoña un sobrecusto ao resto do alumnado.
 - No suposto de que unha familia non poida facer fronte ao gasto, valorarase e procederase á procura de alternativas para que o alumnado non deixe de asistir.
- Establécese unha coordinación co Equipo de Convivencia, co Departamento de Orientación e coas titorías para controlar a asistencia de alumnado disruptivo ou con partes de incidencia ou con NEAE. O alumnado cun amplo historial disciplinario, ou que fose sancionado reiteradamente podería perder o dereito a participar en determinadas actividades.
- O alumnado que non participe na actividade asistirá á clase con normalidade. Se o seu profesorado estivese ausente pola actividade, deixará tarefas que custodiará e coordinará o profesorado de garda. De ser posible, tamén poderán prepararse actividades específicas para este alumnado por parte dos departamentos que así o desexasen ou polo Club de Ciencia, Departamento de Orientación, Dinamización de Biblioteca, etc.
- No caso de que o número de prazas para unha actividade sexa inferior ao número de alumnas e alumnos que desexan asistir, o departamento organizador establecerá os criterios de selección, que poderán ser de carácter académico, entrevistas ou, excepcionalmente, por sorteo.

7.5 Protocolo para desenvolver as actividades

- Comunicarase (online/offline) a través do Formulario para a proposta de actividades complementarias á Vicedirección (que colaborará na súa organización) os datos referentes

ao día de celebración, profesorado que organiza, horarios, grupo(s) afectado(s) e, principalmente, o número de alumnado que realizará a actividade, co obxecto de comprobar que o alumnado implicado se axusta aos criterios establecidos nesta concreción. O acceso aos formularios atópase, como enlace, no Espazo profesorado.

- Este formulario deberá enviarse cunha antelación de 15 días antes da actividade. O profesorado coordinador da actividade cubrirá o formulario.
- Tras a recepción da información, a Vicedirección elaborará as autorizacións para o alumnado e coordinará os trámites oportunos (transporte, entradas....). Unha vez elaboradas, entregarallas ao profesorado responsable para que entregue ao alumnado. Ademais, informará á Xefatura de Estudos do profesorado e alumnado participante e tamén o colgará na Axenda Profesorado.

Tres días antes da actividade:

- Último día para que o profesorado responsable termine de recoller e entregar á Vicedirección as autorizacións, listaxes, xustificantes de pago, etc.
- Comunicarase á Vicedirección o número total de alumnado definitivo que asiste, por se houberse cambios que afectasen ás prazas de transporte contratadas e ao número de profesores e profesoras acompañantes. Este alumnado asistente definitivo tamén se lle trasladará ao profesorado afectado e á xefatura de estudos.
- O día da saída, o profesorado coordinador deixará unha copia do listado de alumnado que acode á actividade no taboleiro de Vicedirección.
- Durante os 7 días posteriores á realización da actividade, enviarase o formulario —Informe de avaliación e resumo de actividades—, para valorar na memoria final de Vicedirección, difundir a actividade en RRSS, de ser o caso, etc.

8 Plans específicos para o alumnado con materias suspensas ou repetidor

Para o alumnado con materias suspensas ou repetidor, elaborárase en cada unha das materias un plan específico de acordo co informe individualizado realizado polo profesor ou profesora que lle impartiu a materia o ano anterior.

O seguimento do plan corresponderá ao profesor ou profesora que lle imparte a materia no actual curso escolar. No caso de que o alumnado non teña esa mesma materia no presente ano académico, o seguimento corresponderá á Xefatura do Departamento.

Para unha mellor atención ao alumnado con materias suspensas, traballarase baixo a coordinación das persoas titoras de pendentes.

No que respecta aos ciclos formativos, o seguimento do plan corresponderá ao profesorado que imparta o módulo no actual curso escolar.

8.1. Materias suspensas na convocatoria final ordinaria en bacharelato

Para o alumnado con materias suspensas na convocatoria final ordinaria en bacharelato, priorizarase que o profesorado que lle imparte docencia desenvolva actividades de apoio, reforzo e recuperación ata a realización das probas finais da convocatoria extraordinaria.

8.2. Promoción con materias pendentes

O plan de reforzo con actividades de recuperación elaborárase de acordo co seguinte modelo:

INFORME INDIVIDUALIZADO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	
MATERIA:	CURSO:
ALUMNO/A:	GRUPO:
Dende o departamento XXXX propónse un programa de reforzo da materia xxxxx deESO/BACH. A súa finalidade é acadar as aprendizaxes non adquiridas, polo que o alumnado coa materia pendente deberá superar a avaliación correspondente a este programa.	

ACTIVIDADES E REALIZACIÓN DE PROBAS ESCRITAS. DATAS DE ENTREGA E EXAMES					
ENTREGAS	ACTIVIDADES	% DA NOTA	PROBAS ESCRITAS	% DA NOTA	PONDERACIÓN SOBRE A NOTA FINAL
Primeira	Marcar data límite de entrega.	Xx %	Antes do 2 de novembro.	Xx %	Xx %
Segunda	Marcar data límite de entrega.	Xx %	Antes do 22 de febreiro.	Xx %	Xx %

CURRÍCULO A DESENVOLVER (O/a profesor/a indicará os contidos a desenvolver vinculados coas actividades a traballar). A modo de exemplo:

CONTIDOS 1º AVALIACIÓN	ACTIVIDADES
TEMA 1. xxxx	Actividades n.º 1, 2, 3
CONTIDOS 2º AVALIACIÓN	ACTIVIDADES
TEMA 2. xxxxx	Actividades n.º 4, 5, 6

Estratexias metodolóxicas e recursos necesarios: o profesorado indicará as consideracións que considere oportunas; como mínimo, sinalará onde atopar o material o alumnado e o horario de atención para consultas ou correo de contacto. A modo de exemplo:

- O alumnado pode solicitar ao profesor/a todos os recursos que considere necesarios e poidan servirle de axuda para realizar as actividades correctamente. Asemade, terán acceso á aula virtual, o código da clase é xxxx. O enlace da clase é: <https://xxxxx>
- O profesor/a atenderá ao alumnado no horario acordado co alumnado ou a través do correo electrónico.
- É imprescindible deixar esclarecidas as actividades propostas que se lle entregarán ao alumnado nos diferentes prazos sinalados na táboa anterior. As actividades entregaranse de maneira presencial ao profesor/a. As actividades subiranse á aula nas datas sinaladas.
- En caso de entrega presencial de actividades o alumno/a asinará o recibín correspondente.
- Informarase ás familias da entrega do informe individualizado e material a través da aplicación abalar ou como se considere oportuno pero, asegurando a comunicación.
- O exame basearase sobre as propias actividades ou similares ás entregadas.
- Se o alumnado fose avaliado negativamente nas datas sinaladas ou non entregase as tarefas obrigatorias a realizar, terá unha proba final no mes de maio, en data fixada por Xefatura de Estudos, sobre os mesmos contidos e competencias... nas seguintes datas:

Antes do 9 de abril para o alumnado de 2º de bacharelato.

Antes do 20 de maio para o alumnado da ESO e 1º de bacharelato.

O alumnado superará a materia pendente cando (Riscar o establecido):

☐	Supere positivamente a primeira e segunda avaliación da materia análoga do curso actual (materias de contidos progresivos).
☐	Obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria da materia análoga do curso actual.
☐	Realice as actividades encomendadas nos períodos establecidos.
☐	Supere as probas escritas establecidas e realice as actividades encomendadas.
☐	Supere as probas escritas establecidas.

8.3. Alumnado repetidor

Para cada alumno ou alumna que deba permanecer un ano máis no mesmo curso elaborárase un Plan específico de reforzo personalizado. Á vista do informe individualizado elaborado polo profesorado que lle impartiu docencia o curso anterior, o profesorado que lle dá clase no presente curso académico será o responsable da súa elaboración, baixo a coordinación do Departamento de Orientación.

No dito Plan, como mínimo deberán establecerse actividades concretas para superar as dificultades detectadas no proceso de ensino-aprendizaxe, os criterios de cualificación e as canles para informar periodicamente as familias.

O profesorado titor será o encargado do seguimento do Plan, baixo a coordinación do Departamento de Orientación e da Xefatura de estudos.

8.4. Alumnado de FP con módulos suspensos

En 1º curso, despois da 3ª avaliación parcial elaborárase un **informe de avaliación individualizado**, base para o deseño de actividades de recuperación que deberá desenvolver previamente á avaliación final de módulos (período non superior a tres semanas).

En caso de promoción a 2º con módulos suspensos, informarase o alumnado sobre as actividades programadas para a súa recuperación, período de realización, temporalización e data na que serán avaliados.

En 2º, na avaliación previa á FCT, de ter módulos suspensos, cómpre a asignación de actividades de recuperación con indicación expresa da data final na que serán avaliados.

INFORME INDIVIDUALIZADO PARA O ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CON MÓDULOS SUSPENSOS	
CICLO:	
MÓDULO:	CURSO:
ALUMNO/A:	GRUPO:
Dende o departamento XXXX proponse un programa de reforzo do módulo xxxxx de A súa finalidade é acadar as aprendizaxes non adquiridas, polo que o alumnado deberá superar a avaliación correspondente a este programa.	

ACTIVIDADES E REALIZACIÓN DE PRBAS ESCRITAS. DATAS DE ENTREGA E EXAMES				
ENTREGA	ACTIVIDADE	PERÍODO DE REALIZACIÓN	TEMPORALIZACIÓN	DATA NA QUE SERÁ AVALIADA

9 Avaliación, promoción e titulación

9.1. Avaliación

- Procurarase que o número de días lectivos sexa similar en cada unha das avaliacións para garantir o máximo equilibrio posible no desenvolvemento do proceso formativo.
- As sesións de avaliacións terán unha duración de 30 minutos como mínimo. Durante ese tempo, o equipo docente fará unha análise da evolución de cada estudante e do grupo en xeral.
- Nas sesións de avaliación sempre haberá un membro do equipo directivo e un do Departamento de Orientación para avaliar de maneira integrada o alumnado e a práctica docente.
- As sesións de avaliación serán presididas polo profesorado tutor do grupo para detectar en cada momento os posibles aspectos de mellora.
- Na **avaliación inicial**, o profesorado tutor obterá a documentación relevante do expediente e manterá, de considerarse necesario, unha entrevista inicial coas familias, especialmente no primeiro curso de ESO.
 - Esta información complementarase cos datos obtidos polo profesorado a partir das producións do alumnado, os traballos ou a observación directa.
 - O Departamento de Orientación será o encargado de xestionar documentación confidencial e de contactar co Departamento dos centros adscritos.
 - A partir das conclusións obtidas, concretaranse as medidas a desenvolver.
- Nas **avaliacións parciais**, o profesorado valorará para cada estudante a evolución do logro de obxectivos e adquisición das competencias e as medidas de atención á diversidade a aplicar (reforzo, apoios, incorporación ao agrupamento flexible ou saída do mesmo...).
 - Analizarase tamén o clima do grupo e o seu progreso académico, así como as medidas de atención á diversidade que afectan a todo o grupo e modificación de ser o caso (organización e xestión da aula).
- Na **avaliación final**, o profesorado decidirá a promoción ou titulación, de ser o caso en aplicación dos criterios establecidos no apartado seguinte. En caso de que da valoración académica non se derive directamente a promoción ou titulación, aplicaranse criterios obxectivos para valorar o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias correspondentes.
 - Dependendo da etapa e nivel, obteranse os datos por parte do/a tutor/a para a emisión do informe individualizado/Consello orientador/Informe final de curso sobre o logro dos obxectivos, adquisición de competencias e/ou proposta máis adecuada para continuar a formación académica ou profesional.
- En todas as avaliacións, o profesorado tutor recollerá os aspectos máis salientables nunha acta coa seguinte información:

GRUPO.-
NÚMERO DE ALUMNOS/AS.-
AVALIACIÓN.-

☐ **VALORACIÓN XERAL DO GRUPO**

☐ **ASPECTOS CUANTITATIVOS**

Número de alumnado que aproba todo:	%=
-------------------------------------	----

Número de alumnado que suspende 1.-	%=
-------------------------------------	----

Número de alumnado que suspende 2.-	%=
-------------------------------------	----

Número de alumnado que suspende 3 ou máis.-	%=
---	----

OUTROS.-

NOTA MEDIA DO GRUPO =

☐ **ASPECTOS CUALITATIVOS**

Actitude do grupo en relación co **proceso** de aprendizaxe (atención, traballo, esforzo):

MALA	REGULAR	ACEPTABLE	BOA	EXCELENTE
------	---------	-----------	-----	-----------

Aspectos positivos / a potenciar.-

Aspectos negativos / a corrixir.-

Valoración do **clima** da clase (convivencia, interaccións, comunicación, ambiente, compañeirismo, relación co profesorado,...)

MALO	REGULAR	ACEPTABLE	BO	EXCELENTE
------	---------	-----------	----	-----------

OUTROS.-

VALORACIÓN POR MATERIAS

- ☐ Materias con maior número de aprobados:

 - ☐ Materias con maior número de suspensos:

CASOS PARTICULARES ANALIZADOS

NOME ALUMNO/A	OBSERVACIÓN

ACORDOS // CONCLUSIÓN

- A avaliación da **práctica docente** realizarase a través dos seguintes indicadores:
 - Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
 - Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas. Medidas de atención á diversidade aplicadas.
 - Clima de traballo na aula.
 - Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.
 - Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado.
 - Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
 - Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
 - Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
 - Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
 - Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
 - Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
 - Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
 - Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
- Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
- Combínase o traballo individual e en equipo.
- Poténcianse estratexias de animación á lectura.
- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Préstase atención aos elementos transversais.
- Ofrécese ao alumnado en tempo e forma os resultados das probas/traballos.
- Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas e traballos.
- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...

9.2. Promoción e titulación

9.2.1. Promoción na ESO

Promociona dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

9.2.2. Titulación na ESO

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

9.2.3. Promoción no bacharelato

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

9.2.4. Titulación no bacharelato

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

9.2.5. Votación do equipo docente

O equipo docente, tendo en conta estes criterios, é quen decide de forma colexiada sobre a promoción e titulación do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da **maioría simple** dos seus membros. No caso de votacións con resultado de empate realizarase unha nova votación, e se continuase o empate, decidirá o voto de calidade da persoa titora.

10 Matrículas de Honra

10. 1. Concesión de Matrícula de Honra en 4º DA ESO

- 1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.
- 2. Os criterios que se deben seguir para outorgar as **Matrículas de Honra** no caso de que os candidatos superen o número de matrículas que pode conceder o centro, son os seguintes na orde que se establece a continuación:
 - a) Maior nota media en 4º ESO, considerando ata a centésima.
 - b) Maior número de cualificacións con 10 en 4º da ESO.
 - c) Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 4º da ESO.
 - d) Maior nota media de Etapa, considerando ata a centésima.

10. 2. Concesión de Matrícula de Honra en 2º de Bacharelato e 2º de Ciclos

- 1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso de bacharelato ou de segundo curso de ciclos formativos, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

2. Os criterios que se deben seguir para outorgar as **Matrículas de Honra** no caso de que os candidatos superen o número de matrículas que pode conceder o centro, son os seguintes na orde que se establece a continuación:

- a) Maior nota media en 2º de Bacharelato/2º de Ciclos, considerando ata a centésima.
- b) Maior número de cualificacións con 10 en 2º de Bacharelato/2º de Ciclos.
- c) Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 2º de Bacharelato/2º de Ciclos.
- d) Maior nota media en 1º de Bacharelato/1º de Ciclos, considerando ata a centésima.
- e) Maior número de cualificacións con 10 en 1º de Bacharelato/1º de Ciclos.
- f) Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 1º de Bacharelato/1º de Ciclos.

10. 3. Número de concesión de matrículas

O número de alumnado matriculado en 4º da ESO e 2º de Bacharelato determina o número de Matrículas de honra que se poden conceder. Desta forma, as matrículas calcúlanse en función de todo o alumnado matriculado en 4º da ESO e 2º de Bacharelato. Así temos que:

Nº alumnado matriculado	Nº de Matrículas de Honra
1 a 29	1
30 a 49	2
50 a 69	3
...	

Nos Ciclos Formativos, o número de matrículas de honra que se poderán conceder nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, so se poderá conceder unha matrícula de honra.

Nº alumnado matriculado	Nº de Matrículas de Honra
1 a 20	1
20 en diante	2

11 Elaboración e avaliación das programacións didácticas

Antes do inicio das actividades lectivas, a xefatura de departamento entregará as programacións didácticas dos cursos pares de ESO e bacharelato e das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.

Tanto nos cursos impares de ESO e bacharelato como no caso das ensinanzas de formación profesional, utilizarase a aplicación informática de programación posta á disposición pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Todo o profesorado informará ao alumnado dos aspectos fundamentais da súa programación didáctica mediante un documento que tamén deberá estar sempre accesible na correspondente aula virtual.

Para unha adecuada información ás familias, as programacións didácticas estarán á disposición da comunidade educativa na páxina web do centro.

O Proxecto Educativo do IES Plurilingüe Rosalía de Castro ten como obxectivo principal ofertar unha educación baseada no equilibrio entre Ciencias e Humanidades, cun bo dominio das linguas estranxeiras e das tecnoloxías de información e da comunicación, que fomenta a creación e a intelixencia artística e practica as habilidades deportivas.

Porén, o IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa en diferentes plans e programas para contribuír á formación integral do alumnado. Os criterios para determinar a solicitude de implantación de novas iniciativas e avaliar a continuidade dos xa existentes son os seguintes:

- Interese ou demanda por parte do alumnado.
- Distribución equitativa das iniciativas tendo en conta os diferentes ámbitos de coñecemento (científico, humanístico...).
- Principios do proxecto educativo.
- Recursos do centro.

12 Plans e programas nos que participa o centro

O Proxecto Educativo do IES Plurilingüe Rosalía de Castro ten como obxectivo principal ofertar unha educación baseada no equilibrio entre Ciencias e Humanidades, cun bo dominio das linguas estranxeiras e das tecnoloxías de información e da comunicación, que fomenta a creación e a intelixencia artística e practica as habilidades deportivas.

Porén, o IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa en diferentes plans e programas para contribuír á formación integral do alumnado. Os criterios para determinar a solicitude de implantación de novas iniciativas e avaliar a continuidade dos xa existentes son os seguintes:

- Interese ou demanda por parte do alumnado.
- Distribución equitativa das iniciativas tendo en conta os diferentes ámbitos de coñecemento (científico, humanístico...).
- Principios do proxecto educativo.
- Recursos do centro.

12.1. Bacharelato internacional

O Programa do Diploma é de carácter bianual e está formado por seis grupos de materias, ademais dos Compoñentes Troncais: *Teoría do Coñecemento, Creatividade, Actividade e Servizo* e a *Monografía*.

- O alumnado elixe un curso de cada un dos primeiros cinco grupos de materias (Estudos de Lingua e Literatura, Adquisición de Linguas, Individuos e Sociedades, Ciencias, Matemáticas e Artes) ademais de, ou ben unha materia de Artes do Grupo 6, ou ben unha segunda materia dos grupos do 1 ao 5.
- O alumnado debe cursar algunhas materias de Nivel Superior (NS) e outras de Nivel Medio (NM).
- Os cursos do NS e o NM avalíanse segundo os mesmos descritores de cualificacións finais recollidos nas guías das distintas materias, aínda que se pretende que o alumnado do NS demostre un nivel máis amplo de coñecementos, comprensión e habilidades.
- Cada alumno ou alumna debe cursar un mínimo de tres materias (e un máximo de catro) do NS, e o resto do NM.
- O Programa do Diploma do Bacharelato Internacional adecúa a organización do ensino de Bacharelato aos requisitos propios da Organización do Bacharelato Internacional, garantindo o cumprimento do currículo autonómico regulado na normativa vixente e os requisitos marcados pola Organización do Bacharelato Internacional. A adecuación realizarase no exercicio da súa autonomía pedagóxica e organizativa, segundo o disposto no artigo 120 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Incorpora a metodoloxía de ensino-aprendizaxe propia do Programa do Diploma, descrita no documento oficial *El Programa del Diploma: de los inicios a la práctica* (2015, pp.72-87).

12.1.1. Aspectos específicos relativos ao alumnado

Admisión

Poderá acceder ás ensinanzas de BI o alumnado que reúna os requisitos académicos esixidos polo ordenamento xurídico vixente para acceder ao bacharelato e, ademais, os seguintes criterios específicos establecidos:

- a) Nota media superior a 7,5 puntos obtida nas cualificacións de 4º da ESO e 3º ESO.
- b) Non ter repetido ningún curso.
- A solicitude estará acompañada dunha carta de motivación
- Resérvase o 50 % das prazas ofertadas ao alumnado escolarizado propio do centro que cumpra os requisitos mencionados.

Renuncia

O alumnado que desexe renunciar á súa praza no programa do diploma do Bacharelato Internacional, ou aquelas persoas que exerzan a tutela legal no caso de que sexa menor de idade, deberán presentar nos prazos establecidos no punto seguinte á solicitude de renuncia, de acordo coa coordinación do Programa do Diploma:

- a) No 1º curso de Bacharelato, despois da primeira avaliación, en relación aos resultados acadados.
- b) Ao finalizar o primeiro curso, e sempre antes do comezo do segundo curso.

Tarefas extraescolares

A materia troncal de **Creatividade, Actividade e Servizo** será a principal vía de canalización das actividades extraescolares do Bacharelato Internacional.

- A Vicedirección e a coordinación do Bacharelato Internacional deberán implementar procedementos de coordinación para evitar unha carga excesiva de tarefas e privilexiar aquelas específicas do programa do Bacharelato Internacional. No caso de que proceda, buscarase o beneficio e/ou implicación do resto do alumnado do centro.
- As actividades CAS rematarán no mes de decembro do segundo ano.
- No primeiro ano do programa haberá unha actividade colectiva coas coordinacións por trimestre.

Temporalización

- No mes de febreiro do primeiro ano a coordinación poñerá á disposición do alumnado un calendario coa distribución da entrega de traballos para os dous anos. Este calendario será consensuado no primeiro trimestre co profesorado.
- Posto que o Programa do Diploma se rexe por datas oficiais propias, as datas de avaliación trimestrais serán revisadas e, se procede, adaptadas ao calendario oficial do Programa.

- O alumnado do Bacharelato Internacional non terá semana de exames.
- As clases no segundo ano rematarán no mes de abril nunha data acorde ao inicio do calendario dos exames oficiais do Programa do Bacharelato Internacional.

Avaliación

Ademais dos exames oficiais do Programa do Bacharelato Internacional, que teñen lugar no mes de abril-maio do segundo ano, os instrumentos de avaliación son de dous tipos:

a) **Avaliación interna.** Este tipo de avaliación inclúe:

- Traballos orais de linguas. En Lingua A: Literatura baséase nun comentario oral comparativo de dúas obras do programa que supoñen un 30% da nota. En Lingua B: inglés, o alumnado ten que comentar unha obra de lectura do programa. Tamén supón un 30% da nota.
- Traballo de laboratorio en Ciencias. Os requisitos de avaliación interna son os mesmos para Bioloxía, Química e Física. A avaliación interna, que representa o 20 % da avaliación final, consiste nunha investigación científica.
- Investigacións en Matemáticas. A avaliación interna representa un 20% da nota final da materia.
- Representacións artísticas.

b) **Avaliación externa.** Os exames oficiais inclúen o seguinte:

- Ensaio
- Problemas estruturados
- Preguntas de resposta curta
- Preguntas de resposta a datos
- Preguntas de resposta a textos
- Preguntas de estudos de caso
- Preguntas de opción múltiple

As guías do BI para as diferentes materias describen o modelo e as prácticas de avaliación para cada materia.

- Ao tratarse dun programa integrado é aconsellable que a avaliación global integre os instrumentos propios do PD.
- No que respecta á cita das fontes bibliográficas, como norma xeral e coa finalidade de homoxeneizar criterios, os traballos rexeranse polo modelo APA (Acrónimo da entidade que propuxo o sistema de citas no texto *American Psychological Association*).
- Agás o alumnado da modalidade biosanitaria, o resto examínase dunha materia anticipada de NM o primeiro ano (Bioloxía ou Química) en función do tipo de Bacharelato que cursan e doutras cinco ao final do segundo ano.

- As convocatorias de exame realízanse en maio. O alumnado non dispón doutra convocatoria para obter o título do Diploma.

Os requisitos adicionais para a obtención do diploma son os seguintes:

- Cumprir os requisitos de CAS.
- Non obter un "N" (infracción do regulamento) en Teoría do Coñecemento, ou a Monografía ou algunha das materias que contan para a obtención do diploma.
- Non obter unha cualificación E en Teoría do Coñecemento ou na Monografía.
- Non obter unha cualificación de 1 nalgunha materia ou nivel.
- Non obter máis de dúas cualificacións de 2, xa sexa no NM ou no NS.
- Non obter máis de tres cualificacións de 3 ou inferiores, xa sexa no NM ou no NS.
- Obter 12 puntos ou máis nas materias de NS (para o alumnado matriculado en catro materias de NS, contarán as tres cualificacións máis altas).
- Obter 9 puntos ou máis nas materias de NM (o alumnado matriculado en dúas materias de NM deberá obter polo menos 5 puntos neste nivel).
- Non ser sancionado por conduta impropia.

12.1.2. Aspectos específicos relativos ao profesorado

Funcións da coordinación

A persoa coordinadora do Programa do Diploma é a representante do centro educativo ante a Organización do Bacharelato Internacional (IBO, nas súas siglas en inglés). Será a encargada de:

- A xestión exterior do orzamento do Programa do Diploma xunto coa secretaría do centro.
- Actualizar as distintas políticas (admisión, probidade...).
- Custodiar o material para utilizar nos exames.
- Preparar as sesións dos exames oficiais.
- Preparar a documentación necesaria para a auditoría quinquenal.
- Preparar o plan de estudos do programa integrado.

Con respecto ao alumnado:

- Organizar reunións informativas sobre o PD.
- Realizar o proceso de selección e admisión do alumnado do PD.
- Organizar o calendario escolar para que non se produzan interferencias entre o desenvolvemento do PD e o Bacharelato ordinario.
- Brindarlle orientación educativa durante a realización do programa.
- Matriculalo antes do 15 de novembro do segundo ano na plataforma do Bacharelato Internacional e proporcionarlle un resguardo onde teñan constancia dos seus códigos, número de convocatoria e pin.
- Comunicar os resultados ao alumnado.

- Organizar e facilitar contactos con institucións dedicadas á investigación (universidades, fundacións, etc).
- Cargar as notas previstas e os compoñentes de avaliación solicitados polo PD.
- Velar polo coñecemento e cumprimento das normas e regulamentos do centro e do PD prestando especial interese á probidade académica.
- Confirmar que coñece e cumpre tanto o calendario acordado para a entrega das investigacións e dos traballos de avaliación interna e a monografía como os procedementos referentes aos exames (calendario, calculadoras, cadernos de fórmulas...).
- Entregar certificados e diplomas.
- Servir de ligazón entre o alumnado e as Institucións de Educación Superior ou Universidades (requisitos de ingreso, cartas de recomendación, recepción de notas...).

Con respecto ao persoal docente:

- Certificar que todo o profesorado ten conta BI e que coñece os recursos que ofrece a páxina.
- Aclarar o funcionamento de IBIS no que respecta á carga de traballos.
- Facilitarlle as guías de estudo de todas as materias e os compoñentes do PD.
- Asesoralo sobre a entrega de notas previstas e os requisitos da avaliación interna.
- Asignar os supervisores necesarios para as monografías. Procurarase, na medida do posible, que cada profesor/a non dirixa máis de tres ensaios.
- Informar sobre o calendario de exames, o procedemento, requisitos e material.
- Establecer e planificar reunións colaborativas entre os docentes encamiñadas tanto ao mantemento de estándares altos no traballo como á elaboración de cronogramas para a entrega de traballos, pasando pola implementación de melloras no ámbito pedagóxico que inclúan todas as necesidades e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- Dar a coñecer aos docentes os resultados finais obtidos en cada convocatoria para proceder á análise dos mesmos e á toma de decisións.
- Planificar a formación docente coa participación en cursos, talleres e conferencias por áreas. A persoa coordinadora será o encargada da elaboración do plan de formación anual.
- Establecer redes con outros centros que impartan o Bacharelato Internacional autonómicos, nacionais e internacionais.
- Para o desenvolvemento destas tarefas a persoa coordinadora disporá dunha redución horaria de ata 8 horas semanais.

Adscrición do profesorado

A asignación do profesorado definitivo que imparta as materias do currículo do Programa do Diploma do Bacharelato Internacional farase de acordo cos requisitos propios do Programa do Diploma, nomeadamente no ámbito da formación.

12.2. Internacionalización

A importancia que o centro concede á aprendizaxe de linguas estranxeiras vese reflectida nos diferentes proxectos e intercambios internacionais con Francia, Alemaña, Noruega, Reino Unido e Dinamarca, así como o programa de inmersión lingüística en Irlanda. Estas actividades promoven relacións académicas e sociais nas que o dominio dunha ou máis linguas resulta esencial.

Para promover a adecuada competencia lingüística en máis dunha lingua estranxeira, o IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa nos seguintes programas:

- **Centro plurilingüe** – Desde 2011.
- **PluriFP** (desde 2019) (antes sección bilingüe no ciclo de Guía, información e asistencia turística, desde 2012).
- **Auxiliares de conversa** (2 en inglés e 1 en alemán).
- Programa do Parlamento Europeo da Mocidade (**European Youth Parliament**). Baixo a coordinación do Vicedirector, alumnado de 4º de ESO e 1º de bacharelato prepara os tema de debate e participa nas sesións de debate en inglés.
- **Erasmus +**. Con mobilidade de estudantes e profesorado de FP. Tamén inclúe o PFPP *Internacionalizando o IES Rosalía de Castro a través de Programa Erasmus +* e traballárase no curso 2022-2023 para a obtención da acreditación Erasmus de Educación Escolar.
- Programa **EduExchanges** presencial para bacharelato.
- Proxecto europeo **STEM 2020**.
- Probas de nivel lingüístico.

12.3. Dixitalización

Mediante a elaboración do **Plan Dixital**, procúrase incrementar a competencia dixital do alumnado e do profesorado e ten os seguintes obxectivos concretos:

- a. Formar e fomentar o uso do Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) no profesorado.
- b. Realizar as programacións didácticas en formato dixital na aplicación PROENS.
- c. Actualizar e renovar a páxina web do centro e das redes sociais.
- d. Mellorar a competencia dixital do profesorado do centro.
- e. Mellorar a competencia dixital do alumnado, analizando tamén os riscos e ameazas no uso das TIC.
- f. Fomentar a dixitalización na comunicación centro-profesorado coas familias a través de espazoAbalar, Abalarmóbil e AbalarPro.

No ámbito da dixitalización, o IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa nos seguintes plans ou programas:

- **Abalar** (desde curso 2011-2012).
- **EDIXGAL** (desde 2021-2022).
- **PFPP** neste ámbito de maneira continuada desde o curso 2019-2020, pois a información e a formación do profesorado son dúas coordenadas básicas que inflúen de maneira decisiva no uso xeneralizado das TIC e na mellora continua da práctica docente.
- Polos creativos.

12.4. Ámbito científico

O obxectivo é que o alumnado cultive a curiosidade e desenvolva habilidades para a indagación e a investigación mediante os seguintes plans e programas:

- **STEMBACH** (desde o curso 2018-2019). Programa de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía que inclúe charlas de científicos, investigacións no laboratorio e elaboración de traballos de investigación, de forma individual ou colectiva, e posterior defensa pública dos mesmos en segundo de bacharelato. Desde o curso 2022/23 fomentaranse os traballos de investigación en Humanidade en Ciencias Sociais, polo que o programa incorpora o A de Arte e pasa a ser STEAMBACH.
- **Espazos Maker e Polos creativos.** O alumnado de ESO diseña proxectos nun contexto de aprender facendo baixo a coordinación do Departamento de Tecnoloxía.
- **Club de Ciencia.** Proxecto Investiga, Inventa e Innova para alumnado de ESO. Promovido polos Departamentos de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.
- **ESTALMAT.** O profesorado de Matemáticas de ESO colabora co grupo de ESTALMAT da Facultade de Matemáticas para estimular o talento matemático.
- Participación desde os seus inicios en Galicia, a maior feira da ciencia de Galicia.
- Dende o ano 2007, o instituo enviou traballos científicos ao *Certamen de Jóvenes investigadores*, organizado polo Ministerio de Educación e Ciencia.
- O alumnado da ESO participa no Rally Matemático sen fronteiras, organizado por Igaciencia.
- Preparación e participación nas Olimpíadas.
- Canguro matemático.
- Organización da Semana da ciencia e celebración do Día internacional da Muller e a Nena na Ciencia.
- Participación no proxecto cooperativo SWI na busca de novos antibióticos no medio natural, que desenvolve a universidade de Santiago.

12.4. Ámbito humanístico e artístico

Co obxectivo de que o alumnado se exprese con confianza e creatividade nas dúas linguas oficiais de Galicia e desenvolva unha apreciación crítica da súa propia cultura, así coma dos valores e tradicións dos demais, potencianse todas as formas de intelixencia, incluídas as relacionadas coa arte, coas seguintes iniciativas:

- **Club de lectura** “Acróbatas das letras”, coordinado polo Equipo de Dinamización da Biblioteca.
- **Revista *Regalía***, coordinada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- **Plan Proxecta.** Desde o curso 2013-2014 o centro participa cada ano neste programa, inicialmente con propostas centradas no ámbito da Igualdade (Quérote + ou Donas de si). Na actualidade ten en marcha dous programas:
 - Correspondentes xuvenís 3.0** (desde o curso 2017-2018), no que participa o alumnado de Animación Sociocultural e Turística.

—**Proxecto Terra** (desde o curso 2017-2018), no que participa o alumnado do ciclo de Animación Sociocultural e Turística, para contribuír a mellorar o coñecemento sobre os espazos que habitamos e sobre a identidade territorial de Galicia, mediante a toma de consciencia da implicación e responsabilidade da cidadanía na construción e posta en valor destes espazos.

- Revista Ronsel.
- Premio de narrativa San Clemente.
- Premio de ensaio Bento Spinoza.
- Exposicións de Plástica con motivo do 25 de novembro, 8 de marzo e 17 de maio.
- Concurso de coreografías.
- Concurso literario en lingua castelá e lingua galega (Concurso *Antón Fraguas*).
- Programa de Bibliotecas Solidarias: Voluntariado.

12.5. Contratos programa

Desde o curso 2013-2014, o IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa nos Contratos programa, fundamentalmente na mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia. No ano 2022-2023 participa nas seguintes modalidades:

- **EduInnova.** O proxecto de *Desenvolvemento e avaliación de competencias clave e transversais mediante proxectos interdisciplinares e cooperativos* ten como finalidade crear un entorno innovador de aprendizaxe, no que o alumnado de 1º de ESO desenvolva de forma eficaz as súas competencias comunicativas, STEM e dixital, e tamén a súa autonomía persoal mediante o traballo cooperativo, a relación coa contorna próxima, a motivación e a creatividade individual e colectiva.
- **EduExcelencia.** Procúrase a excelencia educativa coa lectura de grandes obras literarias a partir da organización do Premio literario San Clemente.
- **EduSaúde.** Organízanse Obradoiros de Cociña para promover hábitos alimentarios saudables e que o alumnado de ESO poida descubrir, observar e experimentar con todo o que comemos.
- **EduSostibilidade.** Programa de investigación sostible para incidir na importancia da innovación e a investigación como os camiños máis eficaces para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- **EduCalidade:** para a actualización da documentación oficial e a revisión da páxina web.
- **EMOCIÓN-T,** co obxectivo de mellorar a competencia socioemocional de toda a comunidade educativa.
- **IGUÁLA-T.** Trabállase para estimular as vocacións científico-tecnolóxicas entre o alumnado feminino, promócióname a imaxe das mulleres en distintos ámbitos para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade, desenvólvense accións de sensibilización para promover a igualdade de xénero na comunidade educativa e no ámbito familiar e foméntanse actitudes de respecto e tolerancia que favorezan a inclusión das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero.

12.6. Outros proxectos

- Programa de Observa-acción.
- Aulas emprendedoras en FP.

13 Seguimento e avaliación da concreción curricular

O equipo directivo responsabilizarase da difusión da concreción curricular para o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa.

Anualmente, a CCP avaliará a concreción curricular e poderá propoñer as propostas de mellora que se consideren oportunas, tendo en conta o grao de cumprimento dos acordos recollidos na concreción curricular e a valoración da adecuación dos ditos acordos á realidade do centro.

De forma extraordinaria, sempre que exista un cambio normativo relevante ou unha modificación das ensinanzas que se imparten no centro (ou o réxime das mesmas), o equipo directivo promoverá de oficio unha modificación da concreción curricular.